

A BIODIVERSIDADE: O EXEMPLO DAS AVES



CULLEREDO
CONCELLO
Concellería de Educación



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



A BIODIVERSIDADE:
O EXEMPLO DAS AVES



Indice

1. As aves da ría do Burgo5
2. Aves de parques e xardíns10
3. Actividades educativas13
 - 3.1. Orientacións para os profesores/educadores
 - 3.2. Proposta de actividades





A biodiversidade é a variedade da vida en todas as súas formas, niveis e combinacións. Nos últimos anos falouse moito dela e, cada vez, fálase máis. O ritmo de extinción de especies de animais e plantas acelerouse ao longo dos últimos anos como nunca antes. Calquera esforzo por deter este proceso é fundamental. As cidades tamén representan un papel nesa loita contra a perda do patrimonio natural do planeta. As aglomeracións urbanas ocupan só un 2% das terras emerxidas, polo que pode parecer exaxerado preocuparse pola biodiversidade que albergan.

Pois moi ao contrario: as cidades crecen cada vez máis, e fano ocupando terras agrícolas e silvestres. Mentres tanto, os seus habitantes demandamos unha conexión cada vez maior coa natureza, xa que non desexamos vivir tan só nun escenario de cemento, asfalto e illotes verdes. Ademais, todas as cidades supoñen un impacto sobre o seu contorno rural ou salvaxe, pois del toman os recursos que necesitan e a el envían canto lles sobra. Así é como tamén depende delas a conservación da flora e a fauna de lugares en aparencia afastados.

1. AS AVES DA RÍA DO BURGO




QUE É UNHA ZONA HÚMIDA?

Chámanse así as “extensións de marismas, pantanos, turbeiras ou superficies cubertas de auga, sexan estas de réxime natural ou artificial, permanentes ou temporais, estancadas ou correntes, doces, salobres ou salgadas, incluídas as extensións de auga mariña nas cales a profundidade en marea baixa non exceda dos seis metros, que á vez cumpran unha función de importancia internacional, nacional ou autonómica na conservación dos recursos naturais e que sexan declaradas como tales. Poderán comprender zonas ribeiregas, costeiras ou adxacentes, así como as illas ou extensións mariñas de profundidade superior aos seis metros en marea baixa cando estas se atopen dentro da zona húmida”.

Esta definición provén do Convenio de Ramsar, asinado en 1971 na cidade iraniana do mesmo nome, e que compromete case todos os países do mundo a protexer as súas zonas húmidas.

En Culleredo temos o privilexio de contar cunha importante zona húmida, a ría do Burgo. A súa conservación é fundamental polo seu enorme valor económico e natural.



Ría do Burgo

QUE É UNHA RÍA?

Hai centos de millóns de anos as desembocaduras dos ríos que percorrían Galicia retrocederon terra a dentro. O mar, agradecido por ese novo espazo, entrou de cheo asolagando os vales deses ríos. Así foi como se conformaron as rías que hoxe coñecemos e que forman uns ecosistemas únicos no mundo, cunha riqueza biolóxica excepcional e altamente produtivos.

Na desembocadura do río Mero atopamos a ría do Burgo. Todo está cheo de vida no interior desta ría: invertebrados de gran valor ecolóxico e comercial, como o marisco (berberecho, ameixa...); bancos de peixes ou unha enorme comunidade de aves acuáticas. Isto é posible grazas á acción conxunta de varios factores: a mestura da auga salgada procedente do océano coa auga doce achegada polos ríos, unha abundancia continua de materia orgánica e un conxunto de correntes ben delimitadas que homoxeneízan todo ao seu paso.



Ría do Burgo

POR QUE AS RÍAS TEÑEN TANTA RIQUEZA PARA OBSERVAR AVES?

A gran riqueza ornitolóxica que acollen as rías ten unha fácil explicación. Por un lado, constitúen uns hábitats moi ricos en alimento, nos que as aves se atopan preservadas das actividades humanas (aínda que actualmente tamén sofren perturbacións, como as novas prácticas deportivas de motor, etc.), e, por outra parte, resultan ser espazos amplos, nos cales, debido á dinámica das mareas, coinciden especies que se alimentan das descubertas lamacentas (as limícolas) e das mareas altas (como patos ou gaivotas).

COMO OBSERVAR AVES?

A observación de aves é un pasatempo que conta con moitos seguidores en todo o planeta. Cada ano son máis as persoas que durante o seu tempo libre se achegan a elas para observarlas e estudalas, contribuíndo así ao seu mellor coñecemento e conservación. Poucas poboacións contan coa diversidade de especies de aves que é posible observar ao longo do ano en Culleredo.



Actividade de observación de aves na Ría do Burgo

Podes afeccionarte a isto. Cun pouco de práctica seguro que consigues recoñecer as especies máis habituais ou converterte nun experto, ao tempo que lles engades outro atractivo aos teus paseos pola cidade.

O CADERNO DE CAMPO

Para observar aves, hai unhas cantas ferramentas que resultan moi útiles, como son os prismáticos, as guías de aves, a roupa de abrigo, algo de comer... Pero unha das máis interesantes é o caderno de campo.

Chamámoslle así ao caderno en que imos apuntando as novidades faunísticas e vexetais coas que nos sorprende cada día a natureza. Ademais de textos, unha boa idea é incluír debuxos e fotos.

O ideal é dedicarlle unha folla a cada día. Nela hai que apuntar a data e a hora das observacións, así como a meteoroloxía reinante. A redacción dos textos non ten por que ser só de tipo científico, as impresións persoais en ocasións ilustran mellor algúns aspectos do mundo natural.

En canto aos debuxos, poden non ser magníficos, nin sequera bos. Basta con que sexan útiles para identificar este ou aquel animal, é dicir, para servirmos deles máis tarde ao comparalos cos das guías.



Caderno de campo

QUE AVES PODEMOS VER NA RÍA DO BURGO?

Na ría do Burgo podemos atopar moitas especies de aves que pasan connosco todo o ano, outras acoden aquí dende países do norte para pasar os meses de frío e outras chegan coa calor dende África cada primavera. Moitas recalán na nosa costa ou xardíns durante períodos máis breves, coincidindo coas súas viaxes migratorias. Aléas ás nosas rutinas, dende unha terraza dun edificio ou dende a espesura dunha árbore, todas elas desenvolven as súas vidas xunto ás nosas. Son os nosos veciños alados.



Limícolas na Ría do Burgo

A continuación tedes fichas dalgunhas das aves que podedes atopar na ría do Burgo.

Gaivota patiamarela

Nome científico: *Larus michahellis*

Nome castelán: Gaviota patiamarilla

Descrición: A gaivota patiamarela é a máis numerosa das que viven en Galicia, pero nesta ría a máis numerosa é a de menor tamaño, a gaivota chorona. Distinguiremos a patiamarela pola súa corpulencia, pola cor amarela das súas patas e por un peteiro forte tamén amarelo, cunha manchiña vermella na parte inferior. A cabeza e o ventre son de cor branca nívea. As plumas do dorso son gris claro, de cor negra na cola. As aves novas son de cor marrón ao longo de todo o corpo, e conforme van achegándose á idade adulta van tomando caracteres próximos aos seus maiores. Por esa razón, aquelas aves que xa non son novas de primeiro ano, paulatinamente, van tornando as plumaxes intermedias entre mozas e adultas.



Gaivota patiamarela

Comentarios: A gaivota patiamarela era hai anos unha ave limitada aos cantís costeiros (o seu medio natural) e a zonas portuarias (onde se alimentaban dos descartes pesqueiros). Cando comezamos a producir gran cantidade de lixo, fundamentalmente orgánico, a gaivota converteuse nunha eficaz aproveitadora. Ao valerse destes residuos, a súa poboación comezou a medrar. Así, unha ave que tiña unhas poboacións naturais saudables pasou, de súpeto, nunhas poucas décadas, e de man do noso desenvolvemento, a facer os seus niños en terrazas de edificios, predios abandonados, etc., valéndose para sacar a súa prole de todo aquilo que a nós nos sobra. Así, comezou a gañar certa antipatía entre os cidadáns, tachándoa de agresiva e preeira en non poucas ocasións. Nada máis lonxe da realidade: a gaivota patiamarela é unha xoia biolóxica, cunha distribución das súas poboacións case reducida ao noso territorio, polo que é a nosa responsabilidade a súa preservación. Ademais, para os afeccionados ás aves, a variabilidade das súas plumaxes ata que alcanzan a plena madurez sexual e a súa complicada vida social resultan un grande atractivo engadido.

Pilro común

Nome científico: *Calidris alpina*

Nome castelán: Correlimos común

Descrición: No inverno ten as partes superiores de cor gris parda con listas escuras, o peito agrisado e as partes inferiores brancas. O peteiro é negro e bastante longo e lixeiramente curvado; as patas, negras. No verán ten o píleo (a parte superior da cabeza) avermellado con listas negras; as plumas das partes superiores son de cor negra no centro e castaña nos bordos; os lados da cabeza, así como o peito, son agrisados e con listas escuras. Na parte inferior do peito ten unha gran mancha negra; os fancos e o abdome son brancos.



Pilro común

Comentarios: O pilro común é a limícola máis abundante na ría. É unha ave pequena, moi gregaria, que percorre as descubertas de lama na busca de invertebrados da area cos que alimentarse. Xeralmente podemos velos en grupos apertados dalgunhas ducias de individuos, aínda que tampouco é raro que os acompañen outras especies de limícolas como a píllara ou os biluricos. Cando chegan ao noso país proceden de terras inhóspitas como o Ártico ou Siberia (onde crían), polo que, malia o seu pequeno tamaño, non debemos esquecer que o esforzo migratorio que realizan é moi grande. Acabados de chegar, despois da época de cría, aínda podemos contemplalos cunha plumaxe de cores marróns, negras e brancas que vai tornar moito menos rechamante a medida que nos acheguemos ás datas outonais ou invernaís. No mesmo grupo podemos atopar aves en diferentes plumaxes de transición, que non debe confundirnos. Un grupo de pequenas aves que van aterrar nunha descuberta de lodo, na nosa ría, case seguro que estará integrado maioritariamente por estas aves.

Bilurico das rochas

Nome científico: *Actitis hypoleucos*

Nome castelán: Andarríos chico

Descrición: De patas e peteiro curto, a súa plumaxe do dorso é parda. O branco do ventre remata nunha cuña a ambos os lados do pescozo. Sen dúbida, o que mellor o identifica é o movemento constante da parte posterior do corpo a modo de balancín.

Comentarios: A diferenza do noso anterior protagonista, o bilurico das rochas é un individualista. É raro velo acompañado doutros limícolas, e, de estalo, nunca será nun grupo numeroso. Podemos atopalo rebuscando nos lindeiros da liña de marea ou nas descubertas máis próximas á marxe da vexetación, etc. É moito máis frecuente velo en amplas descubertas de lama. Por esta razón, a miúdo, as súas poboacións saen infravaloradas nos censos que os ornitólogos fan simultaneamente en toda Europa cada xaneiro co obxectivo de coñecer o número de aves que pasan cada inverno con nós.



Bilurico das rochas

Lavanco

Nome científico: *Anas platyrhynchos*

Nome castelán: Ánade azulón

Descrición: O macho ten a cabeza e o pescozo de cor verde escura lustrosa, cun fino colar branco, e o peito marrón. O resto do corpo é gris prateado. Cola negra bordeada en branco, coas plumas centrais da cola rizadas cara arriba. O peteiro é de cor amarela e as patas alaranxadas. A femia, pola contra, é de cor apardazada, con pintas escuras. O seu peteiro é máis escuro que o do macho, pardo-alaranxado, e as patas son tamén alaranxadas. Os novos son parecidos á femia.

Comentarios: O lavanco é o pato máis abundante de Europa. Isto débese á súa gran versatilidade, pois é capaz de adaptarse a diferentes medios: ríos, lagos, rías ou mesmo parques urbanos.

O macho é moito máis atractivo que a femia, de cores moito máis vistosas. A razón é que el é o que deberá competir co resto dos machos no cortexo polas femias, que, pola súa vez, son así de discretas para coidar os seus poliños de xeito máis seguro. De teren a visita inoportuna dun depredador, camúfanse nas proximidades da vexetación, onde poden pasar desapercibidos. Durante a época de cría, elas ocuparanse de todos os coidados, absténdose completamente o macho de calquera traballo.

Despois de finalizado o verán, machos e femias mudan as plumas de voo, no que os ornitólogos denominan a “mancada”, perdendo completamente a capacidade de voo. Nesas datas podemos ver os grupos de lavancos máis “apertados”, como unha estratexia de resposta fronte a posibles predadores.



Femía e macho de lavanco

Garza real

Nome científico: *Ardea cinerea*

Nome castelán: Garza real

Descrición: É unha garza de gran tamaño, de pescozo e patas longas. Pousada é moi estilizada, o seu dorso é gris escuro e o ventre gris claro. Ten o pescozo branco agrisado nos lados, cunha banda central branca con pintas negras. A súa cabeza é branca, con “cellas” negras que se derivan cara á caluga en dúas longas plumas raramente visibles.

Comentarios: Os efectivos máis numerosos desta garza comezan a chegar a Galicia despois da época de cría, cando abandonan as garceiras nas que criaron os seus polos, xa independentes.

Aínda que en pouco número, durante o verán está presente nas nosas zonas húmidas todo o ano, debido a que algunhas aves non logran emparellarse e realizar niño nas zonas de cría. Estas, entón, abandonan esas zonas e dispérsanse por todas as zonas húmidas da Península.

O seu comportamento é moi característico; coa súa habitual elegancia pasea como unha bailarina ata deterse e cazar ao axexo, dun rápido e certo movemento do seu pescozo, como un arponazo. A súa dieta é case omnívora, composta por peixes, anfibios, crustáceos, etc.



Garza real

Corvo mariño grande

Nome científico: *Phalacrocorax carbo*

Nome castelán: Cormorán grande

Descrición: Ave mariña de gran tamaño e cor negra, ten o pescozo e o peteiro relativamente longos. O peteiro é algo ganchudo na punta. As plumas do seu dorso son negras e pardo escuras; as do ventre e o pescozo son de cor negra brillante con tinguidura azulada. Ademais, na plumaxe nupcial ten unha mancha branca nas coxas. A cola é negra e o peteiro agrisado amarelo; as patas tamén negras. Os novos son en xeral pardos por riba e pardo máis ou menos claro por debaixo.

Comentarios: Os corvos mariños grandes reciben este cualificativo porque son maiores que os corvos mariños cristados, que crían nas nosas costas e que máis difícilmente veremos no interior da ría. Os primeiros experimentaron unha grande expansión, debido ao incremento de recursos alimentarios nas rexións onde crían (grande aumento de piscifactorías no centro e norte de Europa), que permiten éxitos reprodutivos importantes. Grandes nadadores e mergulladores, a escena máis característica dos corvos mariños observámola cando, logo de pescar, nolos atopamos coas ás totalmente abertas, secándose. Isto débese a que non teñen unha glándula sebácea que impermeabilice a plumaxe, como o resto das aves, polo que deben buscar outros modos para secala.



Corvo mariño grande

2. AVES DE PARQUES E XARDÍNS



Os parques e xardíns actúan como illas de vida para diferentes especies de aves no medio das vías de circulación e dos edificios. Nas cidades, lamentablemente, apenas deixamos estes espazos para que desenvolvan os seus ciclos vitais moitas criaturas. As máis chamativas delas, polas súas cores, presenza e canto, son as nosas protagonistas.

Dende o punto de vista do observador, un xardín ou un parque é un lugar moi cómodo para contemplar as diferentes especies que aproveitan estes espazos e para iniciarse nesta afección. Neste medio, cuns modestos prismáticos e incluso sen roupa específica de campo, podemos comezar a familiarizarnos cunhas cantas especies, un maior número das que puidésemos imaxinar nun principio.



Robinubio

Aves de parques e xardíns:

Pardal

Nome científico: *Passer domesticus*

Nome castelán: Gorrión común

Descrición: Ave de pequeno tamaño e coloración xeral parda. As partes superiores son pardas (máis castañas no macho) con listas negras e as inferiores grises. O macho ten un babeiro negro e a fronte e a parte superior da cabeza grises. Xusto detrás do ollo parte unha ancha banda castaña que continúa coa cor parda do lombo. Tamén ten as fazulas brancas ou grises. A femia ten aspecto máis agrisado, cunha cella ocre clara.

Comentarios: calquera que non saiba nada de aves coñecerá os pardais porque son os paxariños máis abundantes nos contornos urbanos. Están presentes nos cinco continentes. Os machos e as femias teñen un claro dimorfismo sexual, isto é, pola súa plumaxe podemos distinguir o sexo de cada individuo. Xeralmente, os pardais aparecen en grupos, aínda que non moi numerosos, salvo á hora de durmir que é cando se xuntan, en ocasións de maneira moi numerosa, para ocupar dormideiros nocturnos. Na época de cría utilizan calquera estrutura construída polo home para poñer os seus niños: edificios, estruturas das canles de desaugadoiro, un pequeno oco nun farol, etc. Teñen ata tres postas no mesmo ano. Pero non todo son boas noticias para os pardais. Por exemplo, nunha gran cidade como Londres os pardais desapareceron. A causa foi a contaminación na cidade que orixinou que non houbera insectos cos que os pais puidesen alimentaran os seus polos acabados de nacer. Rota a cadea da vida, os pardais extinguíronse na cidade.



Pardais

Merlo

Nome científico: *Turdus merula*

Nome castelán: Mirlo común

Descrición: O macho é negro mate e ten o peteiro amarelo e un aro, tamén amarelo, ao redor do ollo. A femia é pardo anegrazada por enriba, con tinguiduras marróns arroibadas no peito e a gorxa gris con raias. Os novos presentan algunhas pintas ata a muda do outono.

Comentarios: Os merlos do bosque son moi esquivos; os da cidade son precavidos e desconfados fronte a calquera estraño, aínda que toleran á perfección o axetreo dos coches e persoas no seu contorno. Tanto o macho como a femia aparecen no céspede ben cortado ou nas sebes descoidadas dos xardíns. Calquera medio urbano con algo de vexetación válelles para aparecer correndo rapidamente e atrapar unha miñoa, o seu alimento preferido. Tamén son bos afeccionados á froita e ás bagas.



Macho de merlo

Verderolo

Nome científico: *Carduelis chloris*

Nome castelán: Verderón común

Descrición: De constitución rexa e aspecto macizo, os machos teñen unha cor dominante verde agrisada ou parda verdosa no dorso que se aclara notablemente no peito e no ventre. As ás teñen franxas amarelas e extremos escuros; as plumas da cola, as centrais, son de cor gris moi escura, mentres que as externas locen unha longa banda amarelo-dourada e o terzo terminal tamén en gris oliva forte.

Comentario: O verderolo non é demasiado gregario, só no inverno forma bandadas cos seus conxéneres e outros paxariños, pero nunca excesivamente numerosas. Vive en campos cultivados, masas de árbores achegadas aos labradíos e aos xardíns urbanos. O seu peteiro, moi forte, ponnos sobre a pista de que a súa alimentación se basea en grans e sementes duros aos que debe romper a casca para obter o seu alimento. Tampouco despreza completar a súa dieta con algúns insectos. Na época de cría só a femia se ocupa da incubación, permanecendo o macho nalgún pousadoiro próximo, vixiando o territorio e advertindo da presenza de posibles predadores. Porén, á hora da alimentación ambos os pais poñerán da súa parte o traballo preciso.



verderolo

Ferreiriño real

Nome científico: *Parus major*

Nome castelán: Carbonero común

Descrición: O ferreiriño real presente unha banda negra (máis longa nos machos) ao longo do seu peito. O pescozo e a cabeza son negros, coas meixelas brancas. As partes superiores son verde oliva.

Comentario: Os ferreiriños son paxariños forestais, ligados a ecosistemas maduros, mais souberon adaptarse a outros medios, entre eles ás áreas urbanas en xardíns con árbores grandes. Existen varias especies deles, da que a máis común é o ferreiriño real. Xunto ao pardal, probablemente o ferreiriño real sexa a ave que mellor se adapta a traer a súa prole ao mundo en caixas niño. De feito, en gran medida as caixas niño fixéronse populares en moitos lugares ao advertir que estes paxariños estaban a sufrir a perda das árbores grandes que tiñan ocos onde traer ao mundo os seus poliños. Grazas a elas (que contan cunha serie de características, pois non vale calquera caixa niño de calquera medida) é posible que poidamos ter nas nosas proximidades un niño artificial destes alegres e vistosos paxariños. Olo! Se deciden ocupala, as crías dos ferreiriños son moitas, entre 10 e 13.



Ferreiriño real

Lavandeira branca

Nome científico: *Motacilla alba*

Nome castelán: Lavandera blanca

Descrición: É un paxaro branco cun babeiro negro no peito; a parte superior da cabeza e o dorso son de cor gris; ten unha cola longa negra cos bordos brancos que axita constantemente.

Comentario: as lavandeiras son aves moi habituais nos nosos xardíns, mesmo nos lugares en que o asfalto e o pavimento deixan apenas un chisco de herba ao descuberto. O seu modo de desprazarse, con longos pasos decididos, rapidísimos, buscando insectos en calquera escondedoiro, fixo que a súa presenza nos contornos urbanos sexa completamente normal. Hai anos que a lavandeira pasa con nós todo o ano, criando tamén nas nosas cidades.

Os nosos avós chamábanlles auganeves ou aguzaneves pola súa coloración gris invernal xeral e porque aparecía naqueles lugares onde a neve comezaba a derreterse na procura de alimento. Como outras aves, para intercambiar información e para facerse máis forte fronte aos predadores, dormen fóra da época de cría en dormideiros, que en ocasións agrupan centenaes de aves.



Lavandeira branca



3.1. ORIENTACIÓN PARA OS PROFESORES/ EDUCADORES

Con este caderno pretendemos que os alumnos coñezan a biodiversidade do seu contorno máis próximo e promover así o interese pola súa conservación, tomando como exemplo desa variedade de vida as aves.

Propoñemos agora tres actividades educativas susceptibles de seren adaptadas a rangos de idade bastante amplos. De todos os xeitos, a etapa máis indicada para o desenvolvemento destas é a do terceiro ciclo de Primaria, con idades comprendidas entre os 10 e os 12 anos.

Para estes rapaces as actividades enmárcanse dentro da Área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural, concretamente no apartado de “As plantas e os animais”.

Os contidos xerais que se traballan no desenvolvemento destas actividades son:

- Utilización guiada de claves e guías de aves para a súa identificación.
- Sensibilización pola precisión e rigor na observación de animais.
- Preparación conxunta de itinerarios e saídas para observar seres vivos no contorno; utilización de diarios de campo.
- Valoración da biodiversidade e interese pola súa conservación.

Son actividades que fomentan a observación, a busca de información... Diseñadas dun xeito ameno, coas actividades os rapaces afanzan os conceptos de biodiversidade, especie, ecosistema, clasificación dos seres vivos...

3.2. PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Obradoiro: Identificación de aves.

Obxectivos:

- Identificar as aves do noso contorno.
- Utilización e manexo de guías de aves.

Contidos:

- Identificación e aves.
- Manexo de guías.
- Deseño dun itinerario para a observación de aves.
- Valoración da biodiversidade.

Idades: De 10 a 12 anos

Material necesario:

- Guía de ave.
- Caderno de campo.
- Lapis.
- Prismáticos.

Desenvolvemento:

Trátase de facer unha excursión para observar aves. No concello de Culleredo hai un lugar ideal para esta actividade: a ría do Burgo. Aínda que dende o paseo da ría do Burgo, en moitas ocasións, os paxaros poden verse moi de cerca, o mellor e que leves uns prismáticos. Sempre podemos atopar unha sorpresa, como unha especie nova que non coñezamos, polo que cómpre cargar cunha guía de aves: non hai nada mellor cun libro para seguir aprendendo. Non esquezas tamén o teu caderno de campo e un lapis. Nel poderás ir anotando todas as especies de aves que vas descubrindo no teu paseo. Seguro que ao final terás unha lista moi longa.

Milleiros de persoas no mundo teñen como afección a observación das aves, seguro que despois da túa excursión ti serás outra delas. Por iso apunta tamén a data, a hora, as condicións meteorolóxicas... Así poderás comparar as túas observacións coas que realices en vindeiros días.

Unha boa maneira de aprender a indenficar e diferenciar as aves e intentar debuxalas no teu caderno; non ten que ser o debuxo dun artista, se é da túa colleita, mellor que mellor.

Obradoiro: Sopa de aves

Obxectivos:

- Identificar as aves do noso contorno.
- Utilización e manexo de guías de aves.

Contidos:

- Biodiversidade.
- Identificación de aves.
- Manexo de guías.

Idades: De 10 a 12 anos.

Material necesario:

- Ficha de traballo.
- Guía de aves.

Desenvolvemento:

Na ficha que aparece deseguido hai unha sopa de letras na que se atopan agochadas 12 aves que podemos atopar na ría do Burgo. Son o chasco, o merlo, a lavandeira, o corvo pequeno, a garza real, a garzota, o mazarico, a agulla, o bilurico das rochas, o corvo mariño, a gaivota e o lavanco.

Para familiarizar os rapaces co manexo das guías de natureza, deberán buscar nunha guía de aves, ou noutros recursos, o nome científico das aves que descubriron na sopa de letras. Así, ao mesmo tempo poden identificalas e consultar as súas características.

SOPA DE AVES

Isto non é unha sopa de letras, non! É unha sopa de aves. Nela están mergullados 12 paxaros que se atopan na ría do Burgo, poderás descubrilos?



Dependendo das rexións, países ou idioma, cada especie coñécese por un nome diferente. Isto fai que sexa difícil entender de que especie estamos a falar. Por iso, no século XVII o naturalista Linneo ideou un sistema para que todos usáramos o mesmo nome. Así, cada especie descrita pola ciencia ten un nome en latín que consta de dúas palabras: o xénero e a especie. Por exemplo, ao lavanco en castelán chámasele azulón, en inglés mallard... Todos nos entenderemos se o coñecemos polo seu nome latino e científico: *Anas platyrhynchos*.

Do mesmo xeito que faría un científico, coa axuda dunha guía, intenta poñerlle a cada un dos paxaros da sopa de aves o seu nome latino. Sorte!

1.
2.
3.
4.
5.
6.
7.
8.
9.
10.
11.
12.



Obradoiro: Todos diferentes, todos paxaros.

Obxectivos:

- Identificar as aves do noso contorno.
- Utilización e manexo da guía de aves.
- Coñecer a adaptación das aves ao medio.

Contidos:

- Identificar as aves.
- Manexo da guías.
- Adaptación dos animais ao medio.
- Os ecosistemas.

Idades: de 10 a 12 anos.

Material necesario:


- Ficha de traballo.
- Guía de aves.

Desenvolvemento:

Na ficha que aparece a continuación temos a silueta de 5 aves, tratadas na ficha anterior, son: 1, o bilurico das rochas; 2, o lavanco; 3, a lavandeira branca; 4, o mazarico e 5, a garza real. Coa axuda dunha guía, ou outro recurso, os rapaces deberán averiguar de que ave se trata. Unha vez identificadas e co apoio das siluetas e do diverso material bibliográfico á súa disposición, deben intentar contestar as preguntas que se lles formulan deseguido.

TODOS DIFERENTES, TODOS PAXAROS.

Sen a axuda da cor, parece moi difícil identificar unha ave, non si? Estas siluetas dannos a oportunidade de fixarnos noutras características importantes, como o tamaño, a forma... Coa axuda dunha guía, e do teu bo ollo, poderás poñerlle nome a cada unha desta aves. A ver cantas descubres!



Agora que xa as tes identificadas, fíxate ben nelas e atrévete a contestar estas preguntas.

- Onde podemos atopar cada un destes paxaros?

.....

- Cal é o seu alimento?

.....

- Ten algunha relación a forma do seu peteiro co seu alimento?

.....

- E as súas patas?

.....

- E o seu tamaño?

.....

